



## Máis de 50 proxectos solicitaron xa unirse ao programa *Abre na Rede!* de PuntoGal

Santiago de Compostela, 12 de maio-. O programa Abre na rede!, promovido por PuntoGal en colaboración con Dinahosting e Cdmon, recibiu xa máis de 50 solicitudes para a posta en marcha de proxectos en internet. A oferta comprende o rexistro de dominio .gal e unha solución de aloxamento web de balde durante un ano.

Pequenos negocios, iniciativas de recuperación do comercio ou páxinas culturais son algunhas das temáticas que se inclúen nas solicitudes recibidas. O programa, que estará en marcha ata finais do mes de maio, consta dun total de 100 packs.

Para aproveitar a promoción, as persoas interesadas deben dirixirse á web de PuntoGal ([www.dominio.gal/abre-na-rede/](http://www.dominio.gal/abre-na-rede/)), completar e enviar os datos do formulario.

O programa *Abre na rede!* é unha iniciativa do dominio para apoiar a pequenos negocios, profesionais ou artistas, entre outros sectores, que se viron especialmente afectados pola crise do Covid-19. Ademais, PuntoGal eliminou temporalmente a taxa de *restore* para facilitar a renovación dos dominios durante este periodo.

**Dominio PuntoGal**

Rúa Tabernas, 11  
15001 A Coruña

[prensa@dominio.gal](mailto:prensa@dominio.gal) [www.dominio.gal](http://www.dominio.gal)  
(34) 670226268